

A DILIXENCIA

[John Ford, 1939]

257

PROXECCIONS EN NUMAX: 6, 12 e 18 de xullo
V.O.S.E. | TODOS OS PÚBLICOS

Stagecoach (1939, 96')

Dirección: John Ford

Guión: Dudley Nichols

Elenco: John Wayne, Claire Trevor, Thomas Mitchell, Andy Devine, George Bancroft, Donald Meek, Louise Platt, John Carradine, Berton Churchill, Tom Tyler, Tim Holt

Son: Frank Maher, Robert Parrish

Montaxe: Otho Lovering, Dorothy Spencer

Vestuario: Walter Plunkett

Dirección de arte: Alexander Toluboff

Fotografía: Bert Glennon

Música: Gerard Carbonara

Produtoras: United Artists (Estados Unidos)

Distribuidora: Classic Films

Formato de proxección: DCP2K, 1.37:1

Idioma orixinal: Inglés

PREMIOS E FESTIVAIS

Oscar 1939 (Mellor actor de reparto —Thomas Mitchell— e mellor banda sonora. Nomeado a mellor filme, director, fotografía, dirección de arte e montaxe), Seleccionada polo National Film Preservation Board en 1995.

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

O home que matou a Liberty Valance, 1962

Centauros del desierto, 1956

El hombre tranquilo, 1952

Fort Apache, 1948

Pasión de los fuertes, 1946

¡Qué verde era mi valle!, 1938

Las uvas de la ira, 1940

SINOPSE

Personaxes moi variopintos emprenden unha longa, dura e perigosa viaxe en dilixencia. Entre eles, un fóra da lei en busca de vinganza, unha prostituta á que botaron do pobo, un xogador, un médico, a muller embarazada dun militar, un sheriff. As relacións entre eles han ser difíciles e tensas. Ademais, durante a viaxe, van ter que afrontar o ataque dunha partida de indios apaches.

«A esencia máis pura do Far West late nesta obra que dá carta de natureza ao mito icónico de John Wayne, acompañado dun inesquecível plantel de secundarios»

Miguel Ángel Palomo, EL PAÍS



* NOCTURAMA *

«Eu xamais vexo westerns, mais encántame facelos»

John Ford

Atopei a historia d'A *dilixencia* ao ler o relato en Collier's. Non estaba moi ben desenvolvido mais os personaxes eran bos. «É unha gran historia», pensei, e merquei os dereitos por unha pequena cantidade —foron 2.500\$ coido. Logo tentei vendela aos estudos mais ninguén quería mercala. Cando os xefes dos estudos a lían dicíanme, «Pero isto é un western! Xa ninguén fai westerns!»

«Desde logo, é un western», dicía eu, «pero hai grandes personaxes nel. Cal é a diferenza se está emprazado no Oeste ou noutro lugar? Unha historia é unha historia, tanto se está ambientada no Oeste como en Verona». Finalmente recibín a chamada dun produtor, Walter Wagner, que tiña un filme por facer no seu contrato con United Artists. Daquela envieille a historia e dixo, «é bastante boa, estou a pensar en Gary Cooper e Marlene Dietrich».

«Non creo que poidas permitirme salarios tan elevados nun filme coma este», dixeron, «é o tipo de película que tes que facer con catro patacos». «Tes alguén en mente?» preguntou Wagner. «Ben, hai un mozo que coñezo que adoitaba traballar de atrezzo e ten feito

algún pequeno papel», dixeron. «O seu nome é Michael Morrinson, mais está a facer westerns baratos gravados en cinco días e agora coñécese como John Wayne». «Cres que é bo?» «Creo que si, e podémolo conseguir por pouco diñeiro»

E tiramos para adiante. Eu conseguín reunir un bo elenco e seleccionei as localizacións. Viaxei a Monument Valley e pareceume que sería un bo lugar para gravar un western. Empegueino por vez primeira n'A *dilixencia*. Había unha lagoa seca que era perfecta para o ataque indio. Non tiñamos automóbiles específicos para a cámara nesas días así que simplemente puxemos a cámara no coche e comezamos a gravar. Foi rápido. Pregunteille ao condutor a que velocidade se tiña gravado e dixo que a 40 ou 42 millas por hora. Non sabía que os cabalos podían correr tan rápido.

Gravamos uns catro días alí e logo volvemos para rematar o filme no estudio da Goldwyn. O guión non tiña longos diálogos e deixei case tal cal estaba no texto. Logo de rematar a gravación traballei de preto co montador. Mais tampouco había moito que facer. Eu fago a montaxe coa cámara. Cando rematamos a montaxe Wagner convidou a unhas poucas persoas ao visionado, cerebros brillantes da industria que comezaron a dicir como terían feito *A dilixencia*. Sam Goldwyn dixo, «Walter, cometiches un erro: deberías telo gravado en cor, tes que volver comezar e facelo en cor». Douglas Fairbanks Sr. dixo: «A escena da caza é longa de máis».

Logo ensinámoslla aos grandes produtores da RKO, que declinaron o

proxecto nun primeiro termo. Un deles dixo, «é simplemente un filme de serie B». Outro dixo «Está ben, mais non deixa de ser un western». Por suposto o filme seguiu adiante e conseguimos esquivar o os golpes.

Eu xamais vexo westerns, mais encántame facelos. Por que? Porque nos máis dos casos grávanse nos emprazamentos naturais. Traballas ao aire libre, lonxe do fume e as autoestradas. Estás cun fato de persoas que son amigos teus e cómese ben — sempre insisto en que se coma o mellor posíbel en escena. Traballas desde o amencer até o solpor, e cando chega a noite dormes coma un bebé. É unha gran vida, por que non habería de gustarme?

Publicado en www.dga.org/
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

John Ford, Peter Bogdanovich.
Fundamentos, 1997

Sobre John Ford, Lindsay Anderson.
Paidós, 2001

John Ford, Tag Gallagher. Akal, 2009

John Ford, L'homme et ses films,
Tag Gallagher. Capricci, 2014

Más allá del oeste, Ángel Fernández-Santos.
Debate, 2007

El western, Clelia Cohen. Paidós, 2006

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

Ven todos os días ao cinema por 4,5 €

ABÓNATE

E consegue máis vantaxes.
Infórmate en www.numax.org

NUMAX